


IV English Literary Contest - Writing fiction

BASES:



1- Os participantes deben ser alumnos do IES Xoán Montes no ano escolar 2011/2012.

2- Os relatos de ficción deben ser orixinais e inéditos. A temática é libre. A súa extensión será de entre 300 e 600 palabras (estas bases teñen 335 palabras), e deben estar escritos en inglés.

3- Existen dúas categorías e dous premios por categoría:

- Educación Secundaria Obrigatoria: 1º e 2º premio;
- Bacharelato: 1º e 2º premio.

4- Presentaranse dous exemplares, en folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara debidamente numerados e grampados. Os exemplares presentados deben estar asinados cun pseudónimo (nunca co nome real do autor ou autora).

5- Nun sobre grande, introduciranse os traballos grampados. Fóra só deberán figurar o pseudónimo do autor e a categoría na que se inscribe (escribir só ESO ou Bacharelato, non o grupo). Dentro deste sobre grande, ademais, introducirase outro sobre máis pequeno (pechado), co mesmo pseudónimo por fóra, e cos datos do autor (nome, apelidos, curso e grupo) no interior. O sobre grande, con todo o seu contido, entregárase en secretaria.

6- O prazo de admisión péchase o día 16 de maio de 2012.

7- O xurado estará composto por profesores de inglés do IES Xoán Montes. O fallo será inapelable e emitírase o 28 de maio de 2012, centenario do nacemento de **Patrick White**, premio Nobel de literatura en 1973. O xurado pode decidir declarar algún premio deserto pola baixa calidade dos traballos presentados, así como a concesión de accésits debido á boa calidade dos traballos presentados. Corresponde ao xurado a interpretación das presentes bases.

8- Non se devolverán os orixinais. Os autores premiados facilitarán ao xurado, na semana seguinte ao fallo, unha versión dixital do relato premiado para a súa publicación na web.

9- Presentarse a este concurso supón a total aceptación das súas bases.

PREMIOS (ENTRE OUTROS...)

E. S. O.: 1º PREMIO: iPod shuffle
2º PREMIO: lote de libros*

BACHARELATO: 1º PREMIO: iPod shuffle
2º PREMIO: lote de libros*

* cedidos por xentileza das seguintes editoriais:



Special Prize for the first student to explain by e-mail... why this picture is here

